



## ACORDO DE COLABORACIÓN PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DIRIXIDO A FOMENTAR O EMPRENDEMENTO E O AUTOEMPREGO EN MOZOS/AS

Padrón, 16 de febreiro de 2023

### REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Sandra Ortega Mera, maior de idade, co DNI 32.791.479-B, actuando en exercicio das facultades conferidas, en nome e representación da Asociación de Desenvolvemento Local Deloa (en diante, ASOCIACIÓN DELOA), co NIF G-15817935 e domicilio en Lugar da Escravitude s/n, 15980 Padrón (A Coruña).

Doutra parte, D. Adolfo Muíños Sánchez, na súa condición de alcalde do CONCELLO DE RIANXO, con domicilio en Praza Castelao, 1, 15920 Rianxo.

### EXPOÑEN

- I. Que a ASOCIACIÓN DELOA constitúese coa finalidade de ser núcleo de integración dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais, económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación. Para alcanzar os seus fins, desenvolve actividades dirixidas a frear o éxodo rural e a favorecer a creación de emprego, sensibilizar ao tecido socioeconómico e promover acción e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio.

Neste contexto, a ASOCIACIÓN DELOA subscribiu un convenio coa Escola de Organización Industrial (EOI, fundación do sector público estatal) para o desenvolvemento dun programa formativo dirixido a mozos e mozas desempregados para darlles a coñecer as posibilidades de autoemprego e emprendemento colectivo no sector do Márketing Dixital, aportando formación práctica e describindo as características dos pasos a seguir para a creación dunha cooperativa.

- II. O Concello de RIANXO coñece as actividades que neste sentido leva a cabo a ASOCIACIÓN DELOA e está interesado en colaborar na execución do proxecto para que unha das actividades formativas previstas teña lugar no seu municipio e incrementar a

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 486.405 exp. 2023/A006/000002

empregabilidade no seu territorio.

Por todo isto, o CONCELLO DE RIANXO comprométese a posibilitar o desenvolvemento deste proxecto a través da cesión de espazos públicos nos que poidan levarse a cabo varias das accións previstas no proxecto formativo.

É por iso que, estando ambas partes interesadas na realización destas actuacións, asinan este acordo en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

Este acordo ten por obxecto a colaboración entre as partes para facilitar o desenvolvemento dun programa formativo dirixido a mozos e mozas de entre 16 e 30 anos de idade, co fin de favorecer o seu acceso ao autoemprego. O programa desenvólvese pola ASOCIACION DELOA en colaboración coa Escuela de Organización Industrial (EOI) no marco do Proxecto Márketing Dixital, Empregabilidade e Cooperativismo.

Para o efecto, o CONCELLO DE RIANXO facilitará os espazos, a infraestrutura e o equipamento adecuado para levar a cabo no seu municipio un dos talleres previstos no marco da formación.

### SEGUNDA. COMPROMISOS DAS PARTES

II.1. A ASOCIACION DELOA asumirá todas aquelas tarefas de coordinación das actividades de formación, así como a intermediación, interlocución e/ou coordinación de actividades coa EOI.

II.2. Con arranxo á referida colaboración, o CONCELLO DE RIANXO comprométese a:

- Poñer a disposición da ASOCIACION DELOA e da EOI e a súa cesión de maneira gratuíta dos espazos cos que conta no AUDITORIO DO CONCELLO DE RIANXO.

Nas súas instalacións dispórase do espazo adecuado para levar a cabo:

- As actividades formativas grupais e titorías do programa Márketing Dixital,

Empregabilidade e Cooperativismo, que se desenvolverá entre o 27 de febreiro e o 9 de xuño de 2023

- Promover un novo acordo para a cesión dun espazo de traballo durante un ano para os participantes na cooperativa resultante desta formación, que estará apoiada no seu desenvolvemento durante un ano, sempre que o CONCELLO DE RIANXO conte co espazo habilitado apropiado.
- Igualmente, facilitará o espazo adecuado para a celebración, no seu caso, dunha presentación final dos proxectos dos distintos equipos de cooperativistas.
- Garantir que os espazos contan coas condicións de salubridade e seguridade adecuadas para o desenvolvemento da actividade e asumir a adecuación, acondicionamento e limpeza dos espazos.

Asemade, garante que conta cunha póliza de seguro dos espazos que se poñen a disposición da formación.

- Contribuír á difusión do proxecto e desta acción de formación no seu territorio.

#### TERCEIRA: VIXENCIA

O presente acordo estará vixente até o 31 de decembro de 2023.

#### CUARTA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente acordo as seguintes:

- O incumprimento das obrigas por calquera das partes
- O acordo das partes, manifestado por escrito
- A imposibilidade sobrevida de levar a cabo o proxecto ou todas as accións previstas

#### QUINTA : TRIBUNAIS

Este acordo ten natureza administrativa, polo que as cuestións litixiosas que xurdan durante a súa aplicación, interpretación ou vixencia serán resoltas pola Xurisdición contencioso administrativa.

Lido polas partes este convenio e en proba de conformidade co seu contido, ambas partes o asinan no lugar e data indicados no encabezamento deste documento.

ASOCIACIÓN DE LOA

Sandra Ortega Mera

CONCELLO DE RIANXO

Adolfo Muíños Sánchez